



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asisten:

- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 30 de maio de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión extraordinaria, de data 30 de maio de 2024, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

3. PARTICIPACIÓN POS+ ADICIONAL 2/2024 (2ª FASE).

Visto que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 31 de maio de 2024, aprobou a segunda modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" para engadiras Bases 13 e 14 para regulara o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024 e os seus anexos (BOP nº108, de data 05/06/2024).

Visto o importe da achega provincial no POS+ Adicional 2/2024 (1ª e 2ª fase) asignadas a este concello é o que figura na seguinte táboa:

POS+ AD 2/2024	Investimentos (IFS) mínimo	Gasto corrente (máximo) ou Investimentos (IFS)	TOTAL
Reinvestimento	8.218,17 €		8.218,17 €
Maior achega provincial	276.658,69	367.286,96	646.945,65
TOTAL	284.876,86 €	367.286,96 €	652.163,82 €

Visto que na 1ª fase incluíranse exclusivamente os investimentos financeiramente sostibles (IFS) xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2024.

Visto que na 2ª fase incluírase o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios devengados no exercicio 2024, distintos dos xa financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron, e/ou os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2024.

Visto que A Xunta de Goberno Local de data 21/06/2024, ao non ser preciso novo acordo plenario de aprobación, solicitou en primeiro lugar a aplicación da achega provincial asignada neste POS+ AD2/2024 (1ª fase) ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles (IFS) dos xa aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+ 2024 seguintes:

IFS 1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2024	IMPORTE
- Acceso en Bouciña e outrso (Buscás)	366.253,30 €
- Senda dos Baltares ao Cruceiro (Barbeiros) e outros	257.377,30 €
TOTAL 1ª fase POS + Adicional 2/2024	623.630,60 €
Diferencia para gasto corrente 2ª fase POS+ Adicional 2/2024	28.533,22 €
IMPORTE ACHEGA PROVINCIAL POS+ ADICIONAL 2/2024 (1ª E 2ª FASE)	652.163,82 €

Visto o Informe da Intervención (Anexo III) coa previsión para o exercicio 2024 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios no concello segundo o establecido na lexislación vixente e devengados neste exercicio, presentado polo concello na convocatoria do Plan Base POS+ Gasto corrente 2024, no que xa se incluía unha previsión de gastos correntes (454.502,77 €) por un importe superior á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2024 Base (409.024,11 €) e POS+ Adicional 2/2024 (28.533,22 €).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Persoal, de data 21/06/2024.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están a favor de acollerse a este Plan complementario para que Ordes poida acceder a eses 652.000 euros que lle corresponden neste POS+ 2024. Lembrar un pouco o que dixeron no pleno de xaneiro no que se discutiu o POS+ e no que votaron en falta actuacións para unha maior dotación de saneamento e abastecemento no rural, solucionar condensacións nos pavillóns municipais, medidas para o calzado do tráfico nas pistas principais nas parroquias e medidas de seguridade para os pasos de peóns do casco urbano das estradas principais reforzando a iluminación e sinalización, o que se chama pasos de peóns intelixentes. Nos proxectos que decidiron incluír no POS+ Complementario que agora integran o POS+ Adicional trátase de pavimentacións e unha senda peonil en Barbeiros, que introducen unicamente un tubo de 400 para a recollida de pluviais. Botan en falta que non se deixen pasadas xa conducións para a implantación nun futuro das redes municipais de saneamento e abastecemento. Nun futuro vai haber que levantar para meter estas instalacións cando cheguen estas dotacións ao rural. O goberno municipal non ten pensado nun futuro dotar de abastecemento e saneamento as parroquias de Buscás e Barbeiros. Van absterse neste punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que fala sen mirar os proxectos. A rede de abastecemento está incluída no proxecto de Buscás integramente en todos e cada dun deses ramais. Hai que ter coidado cando se asevera con tanta rotundidade. É o mesmo que pasa con outros proxectos cando está claro que os descoñece por que nin os leu.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE),), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar na segunda fase do **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 2/2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	28.533,22 €

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O Concello de Ordes presenta un claro déficit na sinalización dos espazos, recursos e servizos dos que dispón a nosa vila e as nosas parroquias.

Así, a día de hoxe, non dispoñemos de ningunha indicación da localización do Museo do Traxe. Isto, ademais de axudar a guiar as persoas que nos visitan, supón a exaltación dun recurso cultural do que debemos presumir tal e como fan no Concello de Camariñas co seu Museo do Encaixe.

Tampouco se atopan debidamente sinalizados outros puntos de interese como o Paseo Ramiro Recouso, o Centro Sociocomunitario Isabel Zandal, a Casa da Cultura ou a Biblioteca Municipal.

No tocante a servizos, acontece o mesmo. Non dispoñemos de suficiente cartelería que nos indique a localización do Punto de Atención Continuada, farmacias, escolas infantíns, Oficina de emprego, Oficina de recadación da Deputación da Coruña, Oficina de Correos, cuartel da Garda Civil, oficina da Policía Local, etc.

Como exemplos de boas prácticas neste eido, acompañamos imaxes dos concellos de Camariñas e Vimianzo.

Nas parroquias tampouco contamos con sinalizacións das igrexas, dos locais sociais ou das sendas peonís (cando existen).

No Concello de Ordes temos cartelería obsoleta, deteriorada e claramente insuficiente. Anexamos unha fotografía da cartelería colocada na N-550. Nela podemos observar a palabra “cimiterio”, inexistente tanto en galego como en castelán, o que supón un bochorno no tocante á normalización lingüística.

Polo que, o grupo municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

1.- Eliminar a cartelería obsoleta, estragada e errónea da nosa vila.

2.- Instalar cartelería na nosa vila abarcando a N-550 e as diferentes rúas para sinalar os seguintes puntos: PAC, centro de saúde, farmacias, colexios, escolas infantís, institutos, garda civil, policía local, casa do concello, tanatorios, cemiterios, escolas infantís, instalacións deportivas, Paseo Ramiro Recouso, oficina de Correos, oficina de recadación da Deputación da Coruña, oficina de emprego, Museo do Traxe Juajo Linares, centro sociocomunitario Isabel Zandal e Casa da Cultura así como calquera outro que considere de interese a veciñanza ou os/as membros da corporación municipal.

3.- Instalar cartelería nas parroquias de Ordes indicando o nome das igrexas, os locais sociais e calquera outro punto de interese.

4.- Asignar un código de cores en función da tipoloxía do recurso sinalizado para facilitar a identificación dos mesmos”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están de acordo co contido da moción, é evidente que temos estas deficiencias na sinalización do noso concello e van a apoialas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que por suposto moito do que trasladan é a realidade do que temos neste concello dende fai moitos anos. Hai que intentar poñerlle unha solución canto antes se poida. Tal e como plantexan os acordos non llos van a aprobar. Propoñen unha emenda de substitución en base a situación que teñen actualmente nesta materia. Como está indicado pódelle dicir que xa está o GIS preparado pola asistencia técnica municipal en base a sinalética que habería que meter. Hai unha normativa que cumprir, non se poden facer propostas sen pe nin sentido, sempre suxeitas ás autorizacións sectoriais que é o que máis condiciona en moitos dos casos. Hai sinais que foron retiradas nas estradas que non son de titularidade municipal polo feito de que en moitas ocasións non están autorizadas. Recentemente pediuse autorización para a estrada nacional e estrada a deputación para a Feira da Adina e foron denegadas. A proposta de acordos que lle propoñen e lle gustaría que aceptase para poder continuar con este traballo nos vindeiros anos. A dotación estimada desta actuación pode chegar aos oitocentos mil euros. Despois habería que plantexar a súa contratación por lotes ou un proxecto integral dependendo se se consegue toda a financiación. A proposta é: 1. O Concello de Ordes a través da súa asistencia técnica e urbanística municipal elaborará toda a documentación necesaria adaptada a normativa vixente, incluída cartografía e planimetría, os pregos técnicos de prescrición particulares de contratación, e as separatas de todas e cada unha das autorizacións sectoriais precisas para poder acometer o proxecto único ou por lotes de Mellora integral da sinalización do Concello de Ordes, tal e como foi solicitado o pasado 17/03/2024 desde a alcaldía ao departamento de enxeñería de ETG. 2. Unha vez se teña o proxecto valorado e as autorizacións preceptivas se solicite á Deputación da Coruña unha colaboración económica con carácter nominativo de alomenos o 50% do custo que permita afrontar a execución do proxecto de sinalización integral municipal nos vindeiros anos. Na Estrada esta a executarse este proxecto en cincuenta e dúas parroquias cunha financiación da Deputación de Pontevedra. As cantidades son importantes para poder facer unha sinalética en condicións. É algo que é necesario, hai que ir pola liña do traballo que xa está



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

feito. Dende a publicación da Lei de museos de Galicia o Museo do Traxe Juanjo Liñares non pode ter esta denominación, a denominación é Mostra do traxe. Pídelle que acepten a emenda para poder seguir traballando nalgo que se ven facendo nalgo que é importante para a vila, o núcleo de Mesón do Vento e todas e cada unha das parroquias deste municipio.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo en adaptarse á normativa vixente nas cuestións máis técnicas que a eles se lle escapan. Se a súa execución se ten que facer de forma paulatina o acepten perfectamente, priorizando o máis importante. Aceptan a emenda.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. O Concello de Ordes a través da súa asistencia técnica e urbanística municipal elaborará toda a documentación necesaria adaptada a normativa vixente, incluída cartografía e planimetría, os pregos técnicos de prescrición particulares de contratación, e as separatas de todas e cada unha das autorizacións sectoriais precisas para poder acometer o proxecto único ou por lotes de Mellora integral da sinalización do Concello de Ordes, tal e como foi solicitado o pasado 17/03/2024 desde a alcaldía ao departamento de enxeñería de ETG.

2. Unha vez se teña o proxecto valorado e as autorizacións preceptivas se solicite á Deputación da Coruña unha colaboración económica con carácter nominativo de alomenos o 50% do custo que permita afrontar a execución do proxecto de sinalización integral municipal nos vindeiros anos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Desde fai xa varios anos, o BNG leva demandando unha conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago, propoñendo no ano 2019 que a conexión se fixese coa construción de 26 km de vía férrea entre Curtis e Ordes.

Recentemente, o goberno do estado ven de dar resposta a unha pregunta do deputado do BNG, Néstor Rego Candamil, indicando que se estaba a traballar na preparación da licitación do estudo de viabilidade da mellora da conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago de Compostela.

Coñecidos son os problemas no concello de Ordes en relación co tren, cunha estación afastada do casco urbano e sen un servizo público de transporte que poida ofrecer unha conexión directa e regular coa vila.

De feito, a media diaria de viaxeiros/as que toman o tren na estación de Fosado nos últimos anos, situouse en torno ás 5 persoas, nunhas instalacións que por certo presentan un nada desexable estado de abandono.

Tamén se ten dado o caso de viaxeiros que escolleron o tren para achegarse a Ordes, e logo atopáronse cunhas instalacións abandonadas e tendo que buscar pola zona información para preguntar por onde quedaba a vila e o xeito de chegar ata ela (véxase como exemplo as épocas nas que se celebrou o festival Brincadeira, as galas contra o cancro...).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A execución desta nova infraestrutura ferroviaria, abriría a oportunidade de conectar Ordes realmente co tren, mediante a construción dun apeadeiro próximo ao casco urbano, creando deste xeito unha alternativa real ao coche a través do tren, tanto para estudantes como para a veciñanza que ten o seu posto de traballo fóra do noso concello, ou precisa desprazarse ás cidades para efectuar determinadas xestións.

Para iso, no BNG de Ordes creemos necesario que xa desde o primeiro momento, demandemos que nos estudos de viabilidade que se fagan ao respecto, se teña en conta a construción dun apeadeiro próximo ao casco urbano de Ordes.

De feito, é algo que xa defendemos no pasado, por exemplo no ano 2022, cando desde o xornal “La Voz de Galicia”, preguntaron aos distintos portavoces dos grupos municipais do concello de Ordes, sobre cales eran as alternativas que viamos á insuficiente utilización da estación de Fosado.

Ordes xa perdeu demasiados trens no pasado, tanto por inacción como por desafortunadas decisións, e agora non podemos permitirmos o luxo de perdernos este novo tren, porque pode ser o último.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta ao “Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible” a que nos estudos de viabilidade que se efectúen sobre a mellora da conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago de Compostela, mediante a construción dunha vía férrea entre Curtis e Ordes, inclúan a construción dun apeadeiro próximo ao casco urbano da vila de Ordes.

2.- Dar traslado do presente acordo ao “Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible” e aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados.”

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor de calquera iniciativa que traia benestar aos veciños, ademais de supor un avance nas comunicacións do concello que por situación xeográfica debería se pioneiro na contorna que vemos como ano a ano segue en decadencia demográfica e industrial. Esta conexión non so é beneficiosa para os veciños de Ordes, tamén para o tecido industrial podendo ser un novo atractivo para fixar a poboación local e aumentar a capacidade dos mozos da comarca e ter un bo medio de transporte económico. Esta conexión permitiría facer máis atractiva esta vila e o noso concello de cara a instalación de novas empresas tan precisas para o noso futuro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere facer dúas matizacións. Na exposición de motivos fálase de que se está a traballar, acordouse da situación que estamos a vivir coa rotonda do p.q. 37. Isto de que se está a traballar é algo que din moito no ministerio, pero non



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

se avanza nada, a ver si dunha vez por todas se poñen a traballar e se avanza en determinadas cuestións. O estado de deterioro que temos na n-550, nas vías de servizo, mantementos que fan falta que continuar a esixir e que nunca se fan neste termo municipal e moitos outros. O abandono da A-6 en Galicia que é evidente e que todo o mundo coñece. Ese proxecto que figuraba nos OXE do ano 2018, enviáronse máis de dez cartas aos diferentes ministros, directores xerais de estradas sen ningunha atención a elas ata este mesmo momento en que espertaron cando a Xunta de Galicia sacou a información pública a avaliación ambiental da variante. E xa que a Xunta de Galicia vai a facer a variante están a pedir que tamén acometa a rotonda e lles saque o marrón de encima. Outra cousa que lle preocupa vista esta situación que todos comparten para ter en Ordes as mellores vías de comunicación. Esta claro que a ubicación da estación do tren en Fosado non é todo o atractiva que deberá ser para o noso municipio como cabeceira de comarca pola ubicación que ten entre A Coruña e Santiago. Estes días todos os técnicos que se manifestaron descartan Ordes, ou a levan a Sigüeiro ou a Lavacolla-Angrois. A ver agora o que vai a pasar con este estudo e traballo que van a facer nos vindeiros anos por que non se atreve a dicir cando. Van a aprobar os dos puntos que propoñen, pero tamén pedir algo importante que xa lle demandaron a ADIF en varias ocasión e todas as veces que se reuniu con eles por que é algo que ven pedindo o sector, algo que é importante para darlle un pulo a estación de Fosado, na que se van a investir máis de dous millóns de euros nas vindeiras semanas para a mellora da accesibilidade, do edificio. A nivel forestal a nosa comarca, Galicia supoñen o 23% da produción estatal, estamos a falar de máis de 43.000 millóns de euros que se incorporan ao PIB de Galicia. Temos un punto que se trasladou no seu momento, o viron ven, pero tampouco se avanzou. Este acordo adicional vai na liña do que sempre defenderon, que é: solicitar a elaboración dun estudo e proxecto que leve aparelado a creación dun cargadoiro para a madeira e outras mercadorías de dimensións axeitadas nas inmediacións da estación de Fosado que posibilite o transporte ferroviario; executando unha nova infraestrutura próxima ao trazado do eixo atlántico de alta velocidade que supla as múltiples carencias da antiga estación de Meirama en Cerceda, a cal actualmente xa está sendo empregada para este fin dentro da Comarca de Ordes. O problema desta estación son as vías de comunicación para poder chegar a ela, especialmente para o tráfico pesado de mercadorías, camións cunhas determinadas dimensións e o pouco espazo no seu entorno que sexa propiedade de ADIF. Algo que sería importante para eliminar transporte pesado das principais vías de comunicación que vertebran o noso territorio. sumándose as súas peticións pídelles que se inclúa este acordo adicional como punto segundo, pasando o seu punto segundo a punto terceiro.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é certo que ten transcendido na prensa e teñen esa preocupación. Estanse plantexando que para conectar este trazado co de Santiago-Lugo a ubicación en Sigüeiro ou outras localidades. Por iso temos que loitar agora nesta fase inicial do proxecto onde se valoran as posibilidades por onde podería ir o trazado, pelexar para que Ordes como cabeceira de comarca sexa tida en conta e se instale ese apeadeiro próximo á Ordes para que a veciñanza. A estación de Fosada queda afastada do casco urbano, non podes depender dun servizo público para achegarte alí. Esta problemática desaparecería estando próxima ao casco urbano. Non van por obxección a incorporar a emenda de engadego que propón o PP. Si debemos ter en conta que si despois vamos a ter un tráfico pesado cara a estación de Fosado non sabe se as nosa vías municipais están preparadas para soportar esa carga dos camións pesados e o deterioro que vai a supor ao transitar por elas. Aceptan a emenda e a ver se sae adiante a moción e pode ser unha realidade este apeadeiro.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que pouco máis poden engadir. Espera que se lles tome en conta e se é posible un proxecto que poida saír de Ordes despois xa se mellorarán as infraestruturas que fagan falta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que na medida do posible, como fixeron os seus antecesores, falen coa Delegación e Subdelegación do goberno e se lles lembre que aquí hai unha actuación moi importante no p.q. 37. Non pode ser que agora se poñan de perfil e pidan que se faga a rotonda agora pola Xunta. Non ten pes nin cabeza. A xunta terá que facer a súa estrada autonómica, está dando os pasos necesarios. Se non hai esa conexión o proxecto vai a quedar alí morto a quince ou vinte metros da N-550, non sendo operativa esa actuación. Non van a conseguir sacar dunha vez por todas o tráfico pesado da rúa do Recreo. A problemática do tráfico pesado xa esta pensada e analizada, non hai que utilizar as vías actualmente existentes que atravesan os núcleos de poboación saíndo da N-550 pola Sobreira para chegar a Fosado, é perfectamente viable a través das pistas de concentración parcelaria poder facer un acceso tanto pola parte de Tordoia como de Ordes ás inmediacións da estación de Fosado para non ter que cargar con ese tráfico pesado a rede actual que da servizo aos cidadáns no seu día a día en base ao falado no seu día con ADIF. Algo que é perfectamente viable, hai que ter a predisposición para facer alí a infraestrutura para que se poida desviar o tres, necesitan de 900 m lineais para toda a liña de carga de madeira. Unha vez que se envíe ao Ministerio intentar todos apoiar isto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta ao “Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible” a que nos estudos de viabilidade que se efectúen sobre a mellora da conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago de Compostela, mediante a construción dunha vía férrea entre Curtis e Ordes, inclúan a construción dun apeadeiro próximo ao casco urbano da vila de Ordes.

2.- Solicitar a elaboración dun estudo e proxecto que leve aparelado a creación dun cargadoiro para a madeira e outras mercadorías de dimensións axeitadas nas inmediacións da estación de Fosado que posibilite o transporte ferroviario; executando unha nova infraestrutura próxima ao trazado do eixo atlántico de alta velocidade que supla as múltiples carencias da antiga estación de Meirama en Cerceda, a cal actualmente xa está sendo empregada para este fin dentro da Comarca de Ordes.

3.- Dar traslado do presente acordo ao “Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible” e aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Na parroquia de Santa Cruz de Montaos (43.039972, -8.425236), debido á rotura dun poste de telefonía, quedou suspendido parte de dito poste xunto cuns elementos de suxeición. Consecuencia disto, actualmente o cableado permanece a unha baixa altura podendo ser alcanzados facilmente por un vehículo de medianas dimensións.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Solicitar a correcta reposición dos elementos que figuran na fotografía para evitar riscos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi solicitado o informe da policía local, despois darase traslado a telefónica.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O conxunto de elementos eléctricos que figura na fotografía (Polígono industrial de Merelle) permanece sempre aberto constituíndo un factor de risco para a cidadanía.

Tamén fai posible a manipulación indebida por parte de persoas non autorizadas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen as actuacións pertinentes para pechar e protexer ditos elementos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é unha instalación pública, é dunha empresa privada. hoxe novamente foi avisada para que corrixa esta incidencia.

- Na pista situada nas coordenadas 43.1032820, -8.4080993 existe un número moi elevado de latas de cervexa tiradas na cuneta ao longo de varios metros (agora mesmo cubertas pola maleza). A veciñanza informounos que levan alí moito tempo e mesmo puidemos ver un cartel reivindicando a limpeza do lugar por parte da persoa causante dos feitos.

É polo que solicitamos:

Que se limpe a zona.

Que se de traslado á policía local para tentar dar coa persoa causante dos feitos.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que xa foi trasladado á policía local e empresa.

- Os "Baixos da Alameda" atópanse nun estado lamentable pola deficiente canalización das augas pluviais, tal e como se pode apreciar nas fotografías.

Solicitamos ao señor Alcalde:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Amañar e limpar os elementos estragados.

Avaliar a causa do entullamento e resolvela.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi trasladado á Brigada municipal de obras. Esta actuación adóitase facer sempre no mes de xullo. Ao mesmo tempo que se limpa a canaleta tamén se fai da baixante.

- No aparcamento do Campo da Feira é frecuente ver vehículos que circulan en dirección errónea. Isto pode deberse á falta de sinalización vertical e aos déficits na sinalización horizontal.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Realizar o repintado da sinalización horizontal.

Engadir sinalización vertical complementaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o repintado da sinalización horizontal tómase en consideración. A sinalización vertical non é viable polo funcionamento que ten a praza para múltiples eventos.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na Rúa Ramón Carro, existen diversas baldosas levantadas que poden supoñer un perigo de caída para os viandantes, tal e como pode apreciarse nas fotografías.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se procedan ó seu arranxo para limitar o risco de caída.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estes traballos xa están iniciados.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na N550, na Costa, na parroquia de Montaos, hai unha marquesiña que presenta un estado deficiente. Nun dos laterais da mesma non hai vidro desde fai tempo, tal e como se aprecia nas fotografías. Ademais, calquera das 2 marquesiñas adoitan presentar un pobre estado de limpeza, tendo que ser acompañantes das crianzas que os acompañan a coller o autobús, os que teñen que limpar a estrutura con materiais das súas casas para se poder sentar ao abrigo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A que proceda á colocación do vidro que falta e á limpeza das marquesiñas regularmente para evitar estas situacións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o cristal está posto. Rompeu a primeira vez o 8 de marzo, foi repostado. Volveu a romper o 12 deste mes e foi repostado. Chama a atención que cando o banco esta sucio moitas veces é por non ter conta dos cativos, vese que hai restos de comida. A ver se non volve a romper.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Do xoves 20 ata o martes 25 de xuño, dúas crías felinas atopáronse confinadas entre dúas paredes. Afortunadamente o desenlace dos acontecementos levou ao rescate dos animais, pero consideramos que debemos todos/-as aprender desta situación e tomar as medidas oportunas para evitar que volva acontecer no futuro.

Aínda que é certo que existe publicado na páxina web do concello de Ordes, un protocolo de xestión de colonias felinas (<https://concello.ordes.gal/nova/2402/protocolo-de-xestion-de-coloniasfelinas>), no mesmo non se recolle ou fai mención ao xeito de proceder en caso de que sexa preciso efectuar un rescate de animais.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A revisar e completar o protocolo de xestión de colonias felinas, indicando o xeito de proceder en caso de que sexa preciso efectuar un rescate de animais, indicando polo menos:

Persoas ou organismos encargados do rescate, funcións e teléfono de contacto.

Análise das causas que motivaron o rescate e medidas a adoptar para evitar que se volva a repetir a situación.

Accións a desenvolver para informar á veciñanza sobre o contido do protocolo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que gustaríalles que lles explique que entende por rescate. Pode ser por que un animal esta nunha situación de perigo a súa integridade física ou por unha situación de abandono. Neste segundo caso xa se está a actuar de acordo co protocolo dende a concellería de medio ambiente. Nas situacións de perigo hai que distinguir se é nun ámbito público ou privado. No público actúase de forma obrigatoria, no privado queda supeditado á autorización dos propietarios e no seu caso dun acordo de colaboración cos propietarios. No caso concreto que motiva o rogo non houbo ningún problema para acceder á propiedade por parte das forzas públicas, accedeu a policía local, garda civil e bombeiros coa coordinación da concellería de medio ambiente. O concello conta co protocolo de xestión de colonias felinas e cos medios que poden actuar ponderando no ámbito privado os dereitos das persoas, da propiedade e dos animais, por esta orde. O análise das causas que motivaron o rescate, non entende ao que se refire. Houbo unha chamada telefónica dun particular e dende o primeiro minuto puxéronse todos os medios e efectivos en conuencia coa propiedade. O informe da policía local así o manifesta. Que non se volva a repetir a situación é algo imprevisible.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ao que se refiren é que o acontecido nestes últimos cinco días. Seguramente cada unha das partes que actuou no proceso cometeu erros. Nestes cinco días, primeiro parecía que non era posible o rescate dos animais, despois foi posible chegándose a manifestacións, o que non é bo. Entenden que debería especificarse nun



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

protocolo o que se debe facer ante este tipo de situacións, a quen hai que dirixirse e quen son os encargados de proceder ao rescate. Cando se refiren ao análise das causas, non se refiren a que a causa fose unha chamada. Refírese a que eses animais quedaron confinados ao caer por un burato ou por unha caída dunha cuberta, cal era a maneira de solucionalo, igual analizar que habería que tapar ese problema para que non aconteza nun futuro. Hai que buscar maneira de mellorar e que esta situación non se volva a repetir nun futuro.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que o que se presume con toda seguridade é que a gata pariu alí e foron tratados e alimentados dende o primeiro momento polo lacediro municipal. Que se tardou en actuar por que para todos os medios que pasaron a situación era de difícil acceso, os gatos fóronse movendo, non estaban nos tabiques. Aos bombeiros a primeira vez foilles imposible acceder aos gatos, miráronse os tabiques. Os gatos caeron nos tabiques o último día cando os bombeiros empezaron a facer os golpes nos buratos. O protocolo seguise, foise actuando segundo as indicacións das forzas. Non é certo que se actuou por culpa de manifestacións.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Na parroquia de Ardemil, en Morgade, vanse executar obras de ampliación na pista que aparece na fotografía.

É polo que preguntamos:

¿Vaise retirar o muro que aparece sinalado na fotografía e que, supón un obstáculo na entrada da pista?.

¿Vaise nivelar o terreo a ambas marxes da pista para evitar accidentes debido aos desniveis existentes actualmente?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a executarse o proxecto aprobado dentro do dominio público.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que a súa pregunta ven motivada por que lle comentou unha veciña que xusto hai un desnivel a saír da súa casa, preguntoulle se se ía tapar ou non.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que trátase dunha obra que se demorou unha barbaridade, vai a executarse no dominio público e conforme ao que indiquen os técnicos. Non van a entrar en si isto é mellor ou peor, non vai a actuarse nunha propiedade privada.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- No pleno ordinario de abril do ano 2024, o PSdeG solicitou o arranxo da beirarrúa do Campo da Feira que figura na imaxe. Tamén se solicitou a recollida dos materiais que caeron á vía de circulación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Actualmente, a situación segue a ser a mesma sen que o goberno municipal fixese nada ao respecto.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que non se realizou ningunha actuación no lugar?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como se ve na fotografía hai un montón de acometidas metidas nese lugar, non poder poñerse a tocar aí simplemente. Están pendentes de que se lles dea unha solución. O que se puido facer é retirar o bordillo, que da mala imaxe. No resto non se vai a actuar ata que estea perfectamente resolto o que lle corresponde á administración. Tomalo con calma por que sabemos ao ritmo ao que van estas empresas de servizos.

- Nos laterais da piscina municipal descuberta “O Muíño” permanecían os murais creados por varios artistas con diferentes temáticas reivindicativas.

No pasado mes o goberno municipal daba orde de eliminalos constituíndo un novo ataque á vida cultural do Concello.

É polo que preguntamos:

¿Cal foi o motivo de tomar dita decisión?.

¿Van seguir os muros pintados desta cor?.

¿Ten o goberno local pensado revertir o dano causado dinamizando a creación de novos murais?.

¿É esta a dinámica que se vai seguir coas restantes actuacións culturais e artísticas que aínda sobreviven no Concello?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non lle teñen que facer tanto caso ás redes sociais. O mal estado do muro e o requirimento dun mantemento foi o que fixeron a necesidade da súa reparación. Quixeron salvar dous murais, o saben as persoas implicadas. Recibiron dúas chamadas para que se taparan os murais por co fin de homoxeneizar o muro. Desde antes xa se puxeron a disposición para volver a pintar polos encargados deste tema. A última pregunta é capciosa e improcedente, se mo permite dicir. Por que se lle diga a este goberno local que apostou moito máis, que cando gobernaron vostedes en coalición, pola arte urbana, e que incluso dende a Mancomunidade se está levando a arte urbana a todos os concellos da comarca, non lles gusta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- A aprobación do P.X.O.M. modificou entre outras, as delimitacións de solo de núcleo rural, de xeito que algunhas parcelas entraron dentro de núcleo e outras perderon esa condición, pasando a ser solo rústico. Todas estas modificacións alteran o valor catastral da propiedade, e polo tanto o recibo do IBI que deben pagar os propietarios.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Dado que para o cobro do IBI, tómanse de referencia os datos existentes a 1 de xaneiro do ano correspondente, se non se adapta o catastro para recoller as modificacións que introduce o P.X.O.M. de Ordes antes do 1 de xaneiro de 2025, existirán casos nos que parcelas que pasaron a estar dentro da delimitación de núcleo rural, sigan pagando recibo de rústica e outros casos nos que parcelas que deixaron de estar dentro de núcleo rural, paguen inxustamente por unha condición que perderon.

O primeiro caso non resulta tan preocupante, posto que poderíase emendar con recibos complementarios no futuro, pero si que resultaría inxusto o caso das parcelas que perderon a condición de núcleo rural, posto que seguramente non poidan recuperar o importe mal abonado nos recibos que lles cheguen para o ano 2025, de non estar adaptado o catastro.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿En que situación se atopan os trámites para adaptar o catastro ás modificacións introducidas polo P.X.O.M. de Ordes?.

¿Sabe si dita adaptación terá lugar antes do 1 de xaneiro do ano 2025?.

No caso de que a adaptación non teña lugar antes do 1 de xaneiro do ano 2025 ¿Ten pensado o goberno municipal impulsar algunha medida para compensar aos propietarios das parcelas que perderon a condición de solo de núcleo rural?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere en primeiro lugar facen unha consideración. Non lle pareza mal. Houbo varias persoas que solicitaron certificados urbanísticos para levar a cabo unha alteración catastral, que din foi pola súa indicación. É o que lle trasladan. Isto non é viable. Outras cousas contaránllas á inversa. É consciente que ningún cidadán pode facer ante Catastro unha alteración do planeamento. Este traballo a quen lle corresponde facelo é á administración municipal e Ministerio de Facenda, despois á Deputación Provincial que é a que ten que adaptar os recibos. Os trámites están iniciados dende o 13 de maio de 2024 que se enviaron as novas delimitacións. Está feita a superposición dende o 28 de maio de 2024. Hai unha ponencia de valores aprobada no ano 2013, os parámetros urbanísticos do PXOM non coinciden cos parámetros urbanísticos das NNSSPP, delimitacións de solo de núcleo rural e hai alteracións no solo urbano. É un traballo complexo que se vai a prolongar durante meses e que vai a supor a notificación de todos e cada un dos acordos de alteración do valor catastral a todos os cidadáns afectados pola nova clasificación urbanística pola aplicación da ponencia de valores no valor do seu ben inmueble. Non comparte a exposición de motivos onde indica que se van a encontrar cun problema e despois teñen dereito a devolución. A resolución vai a ter efectos do 31 de decembro de 2024, hai acordos de alteración que pode chegar a ser ata seis anos para atrás. O concello non ten ningún mecanismo para facer ningún tipo de alteración nos recibos do IBI, a xestión do imposto corresponde á Deputación Provincial e a fixación do valor catastral o Ministerio de Facenda. O próximo martes ten unha reunión na Xerencia do catastro para ver que vai a pagar este traballo, se vai ser o Ministerio, a Deputación ou finalmente o concello o que asuma o custe de todas e cada unha destas notificacións. Téñense dados todas as circunstancias. O Catastro non ten persoal técnico para facer todo o traballo que conleva, vai a facelo unha asistencia técnica. Para contestarlle de maneira xenérica, traballos iniciados 13 de maio, proximamente haberá un traballo importante que levará varios meses, todo o mundo terá dereito con efecto retroactivo á devolución de ingresos indebidos. Haberá xente que baixará na súa base liquidable e outra a que lle aumentará. Con toda probabilidade non estará resolto ata o ano 2025 polo que lle adiantan. No concello de Frades tardaron dous anos e medio na adaptación. Intentarán que sexa canto antes. Non poden garantir que sexa con data xaneiro de 2025 para evitar as liquidacións complementarias. É o que van pedir na



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

reunión do próximo martes. Non está nas súas mans que ese traballo se poida facer nos próximos seis meses. Sabemos da importancia de todo isto desde que entrou en vigor o plan.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e vinte e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias